



## **“BASES XERAIS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA DE UNHA PRAZA DE TECNICO DE TURISMO PARA O VERAN DE 2015 NO CONCELLO DE CHANTADA.**

### **PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO.**

#### **PRIMEIRO. Normas xerais**

É obxecto das presentes bases a contratación de persoal temporal a tempo completo de un técnico de turismo, mediante o procedemento de concurso de méritos.

O posto referido está adscrito á Concellería de Turismo do Concello de Chantada. As funcións a realizar serán as seguintes:

- Xestión e promoción turística a nivel de infraestructuras públicas ou privadas.
- Atención á oficina de turismo no horario establecido.

-Cantas funcións se lle encomenden dentro do seu cometido e as que se adapten ou correspondan coas xa mencionadas, sexan por necesidade ou conveniencia da Concellería de Turismo ou da organización municipal.

Ao presente concurso de valoración de méritos seralle de aplicación o prevenido nos artigos 36 e seguintes do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia; 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se atinxe ao personal laboral e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, do 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.



## **SEGUNDO.-Modalidade do contrato.**

Duración: 4 meses

Modalidade contractual: Contrato de obra ou servizo determinado.

Categoría Profesional: B2

Xornada: 40 horas semanais.

Retribucións: 1.433,81 euros brutos/mes. Inclúe o salario e parte proporcional da paga extra.

## **TERCEIRO.-Condicións de Admisión dos Aspirantes.**

Para poder participar nos procesos selectivos cumprirá reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española sen prezuixo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaoto anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban para o caso de personal laboral, nas que houbera sido separado ou inhabilitado. Para o caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao empregado público.

e) Técnico superior en información e comercialización turística ou técnico superior en guía, información e asistencia turística; técnico en empresas e actividades turísticas, ou grado ou diplomado/a en turismo ou equivalente homologado.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -  
[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

## **CUARTO.-Forma e Prazo de presentación de instancias.**

As solicitudes, para tomar parte nas correspondentes probas de acceso, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Chantada e presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 38.4 da Lei 30/1992, no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no xornal "El Progreso". Os participantes que presenten solicitudes non rexistradas neste Concello deberán enviar dentro do indicado prazo de cinco días copia da solicitude presentada noutros organismos ou entidades, vía fax ao número 982 46 21 02 ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa presentación.

A solicitude deberá ir acompañada por:

-Fotocopia do DNI ou, no seu caso, pasaporte.

-Documentos acreditativos da titulación esixida na convocatoria así como os méritos e circunstancias alegados que deban ser valorados.

## **QUINTO.-Admisión de aspirantes.**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía dictará resolución no prazo de 2 días hábiles, declarando aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos. Dita resolución, publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Chantada e sinalarase un prazo de 2 días hábiles para subsanación. Na mesma publicación, transcorrido o prazo de subsanación aprobarase a lista de aspirantes con carácter definitivo, publicándose o anuncio no taboleiro de edictos do Concello.

As alegacións presentadas serán resoltas no prazo de 2 días hábiles dende a finalización do prazo para presentación. Transcorrido dito prazo sen que se tivera dictado resolución ningunha, as alegacións entenderanse desestimadas.



## **SEXTO.-Tribunal calificador.**

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderase asimesmo á paridade entre muller e home.

O personal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o personal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal Calificador estará constituído por tres membros, de acordo co seguinte esquema:

-Presidenta.- D<sup>a</sup> Susana Martínez Rodríguez. Recadadora do Concello.

-Secretario, con voz e voto.- D. José Manuel Otero Castiñeira, Administrativo do Concello.

-Vocal.- Dna. M<sup>a</sup> Luisa García Rodríguez, Bibliotecaria do Concello.

Cúmprese para o Tribunal co art.30 do Real Decreto 364/1995.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

## **SÉTIMO.-Sistemas de Selección e Desenvolvemento dos Procesos.**

### **PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN**

O procedemento de selección dos aspirantes constará da fase de concurso e entrevista.

**FASE DE CONCURSO.**-Puntuarase cun máximo de 8 puntos, de acordo coa seguinte distribución:

#### **1.-Experiencia profesional: Máximo 4 puntos.**

Por tempo traballado na Administración Pública ou entidades privadas en posto de iguais características:

\*Na administración pública: 0,50 puntos por mes traballado.

\*En entidades privadas: 0,25 puntos por mes traballado.



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -  
[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

## **2.-Formación: Máximo 4 puntos**

-Inglés: Título superior ou licenciatura: 1 punto

Avanzado: 0,75 puntos

Intermedio: 0,50 puntos

-Outros idiomas comunitarios: 1 punto.

-Galego:

-Curso de iniciación: 0,50 puntos

-Curso de perfeccionamento: 1,00 punto.

-Por cursos relacionados co posto a desenvolver: 0,01 puntos por hora.

Máximo 1 punto.

## **FASE DE ENTREVISTA: MAXIMO 2 PUNTOS**

Consistirá nunha breve charla cos aspirantes sobre o contido das funcións e actividade do posto de traballo a desenvolver.

Comprobarase a idoneidade, os coñecementos do posto de traballo, a aptitude, a eficacia, así como a capacidade de innovación e iniciativa e nivel de responsabilidade e cantas circunstancias se precisen para o mellor desenvolvemento das funcións.

## **OITAVO.-Calificación.**

A calificación final será a puntuación dos concursantes.

## **NOVENO.-Relación de aprobados, presentación de documentación e formalización do contrato.**

Unha vez rematada a calificación dos aspirantes, o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de edictos do concello, precisándose que o número de aprobados non poderá rebasar o número de prazas vacantes convocadas. Dita relación elevarase ao Presidente da Corporación para que proceda ao nomeamento dos candidatos propostos e á formalización do



# Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 -  
[aytochantada@infonegocio.com](mailto:aytochantada@infonegocio.com)

correspondente contrato.

Os aspirantes propostos aportarán ante a Administración, dentro do prazo de vinte días naturais dende que se publique no Taboleiro de edictos do Concello, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Quenes dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducira que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran ter incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

O día e hora para a celebración da enquisa personal comunicárase xunto coa lista definitiva de admitidos.

## **DECIMO.-Incidencias.**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. A xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados, recurso de reposición no prazo de un mes perante a Alcaldía, previo ao contencioso-Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao da súa inserción na páxina web municipal. (artículo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa)

Chantada, 15 de mayo de 2015.  
El Alcalde,

Fdo.: Manuel L. Varela Rodríguez.